

## REGULAMENTO DO TRABALLO DE FIN DE MÁSTER

Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento de aseguramento da súa calidade, dispón no seu capítulo IV “Organización básica das ensinanzas universitarias oficiais de Máster”, artigo 17, que todos os plans de estudos de Máster Universitario incluírán un traballo de fin de Máster, que poderá contar cun mínimo de 6 créditos ECTS e un máximo de 30, cuxa finalidade é a de comprobar o nivel de dominio dos coñecementos, competencias e habilidades que alcanzou o/a estudante, e cuxa superación é requisito imprescindible para obter o título oficial. Os traballos de fin de Máster deberán ser defendidos nun acto público, seguindo a normativa que a tal efecto establezca o centro o no seu caso a universidade.

A memoria do Máster Universitario en Exercicio Terapéutico en Fisioterapia inclúe a elaboración e exposición do TFM e asíñalle unha carga lectiva de 9 ECTS a realizar no segundo semestre.

Co fin de acadar unha carga de traballo semellante en todos e cada un dos TFM que realizará o alumnado, tendo en conta que van ser titorizados por diversos/as profesores/as e que haberá varios tribunais xulgadores, é conveniente establecer unha normativa para a elaboración dos devanditos traballos e para a valoración dos mesmos.

Baseándose no antedito e no regulamento para o desenvolvemento dos TFM das titulacións oficiais aprobadas en Consello de Goberno con data 15 de xuño de 2016 e modificada o 13 de novembro de 2018, a Facultade de Fisioterapia elabora o seguinte regulamento:

### Artigo 1. Obxecto.

1. O presente regulamento ten por obxecto regular a definición, titoría académica, procedemento de elaboración, presentación pública, avaliación e revisión do TFM.
2. A aplicación e interpretación do presente regulamento corresponderalle á Comisión Académica do Máster (CAM).

## Artigo 2. Ámbito de aplicación.

As tarefas de titorización, avaliación e cualificación dos TFM forman parte das obrigas docentes do profesorado, excepto o valedor ou valedora universitario, que estará eximido de ditas obrigas. A Universidade de Vigo establecerá a forma do seu recoñecemento.

## Artigo 3. Definición

1. O TFM forma parte do plan de estudos do Máster Universitario en Exercicio Terapéutico en Fisioterapia cunha carga lectiva de 9 créditos, debendo ser un traballo orixinal, realizado de xeito persoal e autónomo polo alumnado, baixo titorización docente, e debe permitir amosar de xeito integrado a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título.
2. O feito de que o TFM sexa un labor persoal non exclúe que, para desenvolver unha proposta de envergadura suficiente, poidan participar varios/as estudantes, cada quen cunha parcela precisa da tarefa global. Este feito será autorizado pola CAM. Neste caso, o alumnado implicado nun mesmo traballo, compartirá a persoa titora e poderá ter o mesmo tribunal de avaliación, mentres que a presentación, defensa e avaliación serán individuais.
3. O TFM poderá elaborarse en institucións ou empresas externas á Universidade de Vigo, nos termos que se establezan nos convenios institucionais asinados. Nese caso existirá a figura dunha persoa cotitora pertencente á institución ou empresa. A persoa titora académica compartirá coa persoa cotitora as tarefas de dirección e orientación do/a estudante, e será, en calquera caso, responsabilidade da persoa titora académica facilitar a Xestión.
4. A titularidade dos dereitos da propiedade intelectual corresponderá ao/a estudante que o elaborou. Esta titularidade pode compartirse coa persoa titora.
5. O TFM terá a súa guía docente, axeitada á normativa correspondente.
6. A avaliación do TFM será responsabilidade do titor/a e dun tribunal.

## Artigo 4. Matrícula.

Para poder realizar a matrícula no TFM será requisito imprescindible ter realizada a matrícula en todas as materias requiridas para finalizar o plan de estudos.

## Artigo 5. Coordinación.

A CAM nomeará un coordinador/a do TFM coas seguintes funcións:

1. Establecer un calendario que constará de:
  - Datas para que os/as alumnos/as soliciten titores/as.
  - Datas de entrega por parte dos/das profesores/as titores/as da relación de alumnos/as titorizados/as.
  - Datas de entrega por parte dos/das titores/as dos traballos dos/das alumnos/as.
2. Repartir os traballos entre os tribunais, entregando as copias dixitais ao tribunal correspondente, tendo en conta que ningún tribunal xulgará ningún traballo que titorizara algún dos seus membros.
3. Fixar a data de entrega, por parte do alumnado, do certificado do expediente académico previo á presentación do TFM.
4. Ser o referente para o alumnado, e a conexión co CAM para resolver calquera incidencia.
5. Remitir unha relación do profesorado e do alumnado que titorizaron á CAM, de cara a telo en conta na desgravación docente do curso académico seguinte.

## Artigo 6. Titor/a académico/a.

1. Os TFM realizaranse baixo a dirección e supervisión dunha persoa que actuará como titor/a académico/a do TFM.
2. É misión da persoa titora supervisar e orientar ao/á estudante na temática, metodoloxía, elaboración, presentación e calquera outro aspecto académico, así como facilitar a súa xestión, actuando como dinamizadora e facilitadora de todo o proceso ata a presentación e defensa do TFM.

3. Poderá actuar como persoa titora calquera docente da Universidade de Vigo, co visto e prace da Comisión Académica do Máster. Tamén poderá ser persoa titora calquera docente das universidades participantes nun programa interuniversitario. Se a natureza do TFM o requirise, poderanse establecer equipos titoriais que asumirán as tarefas de titorización nos termos que estableza o centro.
4. O/A coordinador/a do TFM será o/a responsable da substitución da persoa titora, temporal ou permanentemente, cando se dean casos de baixa prolongada ou se produza a finalización da súa vinculación coa Universidade de Vigo, podendo, neste caso, a CAM decidir o réxime de cotitoría.

A titorización do TFM forma parte das obrigas docentes do profesorado, e, como tal, ter o recoñecemento segundo o estableza a Universidade de Vigo.

## **Artigo 7. Asignación da persoa titora e temática.**

1. Para garantir que todo o estudiantado matriculado no TFM teña a titorización correspondente aceptando, na medida do posible, a preferencia dos/as estudantes e persoas titoras, establécese que:
  - a. Os/as titores/as determinaran o número de alumnos/as máximo que desexan titorizar cada curso académico. Así mesmo, cada titor/a poderá establecer criterios e normas específicas para a aceptación dos alumnos/as, como por exemplo establecemento de datas de entregas parciais ou determinacións de temas específicos sobre os que desenvolverá o TFM. Os/as alumnos/as serán informados do anterior.
  - b. Os/as alumnos/as solicitarán titores/as a principio do outubro. Estableceranse dous prazos para a solicitude dos/as titores/as.
    - *Primeiro prazo:* Establecerase un prazo comprendido entre dúas datas, onde o alumno/a poderá solicitar a titorización do titor/a a través da plataforma MOOVI. Cada alumno/a so poderá solicitar a titorización de un/unha profesor/a. Unha vez rematado o primeiro prazo de solicitudes, cada titor/a deberá comprobar cantas solicitudes recibiu e aceptará os alumnos/as que desexe

titorizar, informando desta elección ao coordinador da materia. A elección dos alumnos/as a titorizar farase a criterio de cada profesor/a.

No caso de que o número de solicitudes de alumnos/as para titorizar supere o número máximo que o profesor/a desexe/poda titorizar, quedarán alumnos/as sin titor/a os cales deberán solicitar un novo titor/a no segundo prazo.

- *Segundo prazo:* Os titores/as con prazas libres para titorizar poderán volver a ser solicitados/as como titores/as neste segundo prazo establecido entre dúas datas. O procedemento será igual que no primeiro prazo, de forma que unha vez recibidas as solicitudes os profesores/as titores/as aceptarán os/as alumnos/as a titorizar.
- c.** Tras os dous prazos de solicitude, se un/unha estudante non ten titor/a, o/a coordinador/a lle asignará un/unha titor/a entre os profesores titores/as voluntarios/as de TFM e no caso de non ser suficientes para o número de alumnos/as matriculados/as na materia de TFM sortearase a titoración entre o resto dos profesores/as da titulación.
- d.** Os/As estudantes acordarán co/coa titor/a o tema do seu TFM, tendo en conta os temas dos TFM realizados en cursos anteriores aos que pode accederse a través de MOOVI. Os temas escollidos polo alumnado/a no curso académico actual serán publicados en MOOVI. No caso de realizarse un cambio no tema do TFM no transcurso da súa elaboración, este deberá comunicarse ao/á coordinador/a.
- e.** A adxudicación dun tema para o TFM e dunha persoa titora terá unha validez máxima de dous anos. Unha vez transcorridos estes, o/a estudante terá que volver a realizar un novo proceso de solicitude.

- f. O/A estudante poderá solicitar cambio na titorización do seu TFM, do mesmo xeito que o titor poderá solicitar cambio de estudante; debendo facelo mediante solicitude razoada ao/á coordinador/a.

## Artigo 8. Presentación e defensa.

1. O TFM será presentado e defendido, coa autorización do/a titor/a e tras ter un informe favorable na Secretaría Virtual subido polo/a seu/súa autor/a, ante un tribunal de avaliación que o avaliará e cualificará.
2. As persoas titoras indicarán, no prazo establecido, as persoas que presentarán o TFM en cada convocatoria.
3. Para a presentación e defensa do TFM o alumnado deberá ter superadas todas as materias, tal e como se especifica na memoria de verificación do título. Para confirmar este aspecto, os/as alumnos/as entregarán ao/á coordinador/a un certificado do expediente académico no que conste que ten o resto das materias aprobadas para poder presentarse á exposición e defensa do traballo. De non ter especificadas no certificado todas as materias aprobadas por non estar aínda as actas cubertas ou introducidas no sistema informático, o/a alumno/a poderá presentar probas fidedignas de que superou as materias que non aparecen como superadas no certificado con xustificante do profesorado responsable da materia, notas da materia que consten na secretaría virtual, etc.

## Artigo 9. Avaliación e cualificación.

A CAM nomeará tribunais do TFM entre o profesorado do máster. Seguiranse os criterios de categoría docente e antigüidade para a determinación do/a presidente/a e do/a secretario/a.

O/A titor/a dun TFM non poderá ser membro do tribunal que o cualifique, aínda que si poderá estar presente no acto de defensa e nas deliberacións, tendo dereito a voz pero non a voto. No caso de que un titor/a queira estar presente na defensa dun TFM dun/ha alumno/a titorizado/a e éste titor/a sexa membro de un tribunal avaliador de TFMs deberá solicitalo con anterioridade para que un membro suplente de tribunal ocupe o seu lugar. Deberá solicitalo como data límite o día da distribución dos TFMs aos diferentes tribunais.

Avaliación:

- Unha vez verificado que o traballo se adapta ás normas, e superada esta fase, o/a alumno/a deberá expoñer e defender o traballo.

O tribunal terá en conta:

- A relevancia do traballo.
- A presentación con medios audiovisuais.
- A claridade na exposición, cinguíndose ao tempo marcado de máximo 15 minutos. Será motivo de non superación un tempo inferior a 8 ou superior a 17 minutos.
- A defensa ante as preguntas do tribunal.

A nota que acada o alumno/a se corresponde coa media das notas establecidas polos tres membros do tribunal. A persoa que actúe como secretaria custodiará as valoracións de todos os membros do TFM.

No caso de obter a cualificación de suspenso, o tribunal de avaliación achegará un informe coas recomendacións oportunas ao/á estudante e á persoa titora, de cara á mellora do TFM e á súa posterior avaliación.

Os tribunais cubrirán e asinarán a acta na secretaria virtual.

## **Artigo 10. Traballos realizados noutra universidade.**

1. De acordo co apartado 3.5 desta normativa, o estudiantado pode solicitar a realización do TFM noutra universidade española ou estranxeira que conte cun convenio de intercambio académico coa Universidade de Vigo. A Comisión Académica do Máster solicitará unha persoa titora na Universidade de destino e designará á persoa responsable do intercambio no centro como cotitora a efectos de supervisar os trámites a desenvolver na Universidade de Vigo.
2. Para proceder á defensa, o traballo deberá recibir previamente o informe favorable do titor/a na Universidade de destino e o visto e prace da persoa responsable do intercambio da Universidade de Vigo.
3. A Universidade de destino deberá enviar un documento no que conste a cualificación obtida, a data de defensa e o número de créditos do TFM.